# *PASOS PARA CUBRIR UN FORMULARIO NA OFICINA VIRTUAL*

1. Acceder a www.tramita.igape.es e **rexistrarse como usuario** indicando un nome de usuario e contrasinal que deberá lembrar .




2. Unha vez rexistrado, acceder á **Confección de solicitudes - cuestionarios**







3. Se é a primeira vez que accede, debe **dar de alta ao solicitante**, para iso na opción **Crear nova empresa:**




Deberá cubrir os seguintes datos:




En **Forma xurídica** escoller a correspondente: empresario individual (autónomo), Sociedade de responsabilidade limitada, etc.)

No **Nome/razón social**:

- Se é un autónomo o formato será: 1º Apelido 2º Apelido, Nome**.**
- Se é unha sociedade: Nome da empresa, S.L. (o nome da empresa, seguido dunha coma, e as iniciais da forma xurídica correspondente).

O **CIF** deberá ir a letra seguido dos números sen espazos nin guións. EX: B15384042

**4.** Unha vez creado o solicitante debe escoller qué procedemento ou axuda quere SOLICITAR, para iso:









No listado, darlle ao botón seleccionar do programa que queira solicitar:




| Nome | Nº cuestionarios de solicitude | Nº de expedientes | Data apertura | Data peche | |
|---|---|---|---|---|---|
| Prestación de servizos - Programa Re-Acciona - IG190.2015.8 - Prestación de servizos - Programa Re-Acciona | 0 | 0 | 15/09/2015 | 05/10/2015 23:59:59 | Seleccionar |
| Convenio de apoio financeiro ICO 2015 - IG204.2015.1 - Bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das pemes de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000€ con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) | 0 | 0 | 20/06/2015 | 30/10/2015 23:59:59 | Seleccionar |
| Convenio de apoio financeiro Microcréditos ICO 2015 - IG206.2015.1 - Bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000€ con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) | 0 | 0 | 20/06/2015 | 30/10/2015 23:59:59 | Seleccionar |
| Bases reguladoras do programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo das pequenas e medianas empresas 2015 - IG179.2015.1 - Bases reguladoras do Programa de apoio ao acceso ao financiamento operativo (activo corrente) das pemes instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o | 0 | 0 | 19/06/2015 | 30/10/2015 23:59:59 | Seleccionar |

5. Confirmar que o solicitante é o que consta como empresa actual e que os datos son correctos dándolle a seguinte e Finalizar.

**6.** Ábrese o cuestionario do Programa que quere solicitar e que hai que cumplimentar.

O formulario deberá cubrirse cada páxina completa, dándolle ao botón 

na marxe superior esquerda do cuestionario. Unha vez gardada esa páxina, pode avanzar á seguinte




**7.** Unha vez completo o formulario deberá **ACEPTAR OS DATOS.** Isto implica o peche do cuestionario, xa non permite engadir datos.




Na opción "completar o formulario de solicitude" pode acceder en calquera momento para seguir engadindo datos mentres non se peche o cuestionario.

**8.** Unha vez aceptados os datos deberá **PRESENTAR A SOLICITUDE**, para iso hai dúas opcións:

- PRESENTAR TELEMÁTICAMENTE: neste caso é necesario dispor dun certificado dixital do representante legal da empresa.
- EN PAPEL: Na opción "**VER INSTANCIA**" xenera un pdf que é a instancia de solicitude que se deberá presentar nun rexistro do Igape ou en calquera outro rexistro público.




Cando a solicitude chegue ao rexistro do Igape asignaráselle un número de expediente que poderá ver no apartado Expedientes da Oficina Virtual.

